



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Jose Antonio Pereira Gil, Alcalde do concello da Baña, na data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

**ASUNTO: DECRETO DE APROBACIÓN DE BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A PARA A CONTRATACIÓN DUNHA PERSOA PARA O POSTO DE SOCORRISTA COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR UN PERÍODO DE 2 MESES NO CONCELLO DA BAÑA.**

**Expte. TEDEC: 2023/E001/000006 (Personal).**

**Expte. TEDEC: 2023/G003/000382 (Decreto).**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que o artigo 19.Catro da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 establece que “Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.”

Visto que en data do 20 de xuño de 2023 o alcalde da orde de que se proceda aos tramites necesarios para a contratación dun/ha socorrista para a piscina municipal para a tempada de verán: bases de contratación e tramitación da oferta ante o Servizo Público de Emprego de Galicia dado que por necesidades do servizo público o concello precisa dotarse dun/ha socorrista en réxime de dereito laboral temporal para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo por un período de dous meses.

Visto que as tarefas desempeñadas polo persoal encadrado na categoría obxecto do presente proceso selectivo resultan esenciais para o correcto funcionamento dos servizos públicos do Concello da Baña.

Vista a necesidade de dotar ao Concello da Baña de mecanismos de xestión de recursos humanos para resolver as ausencias prolongadas do seu persoal ao non dispor esta entidade de persoal que poida atenuar as posibles baixas, permisos, etc do persoal ao seu servizo.

Vista a Orde do 13 de marzo de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (código de procedementos TR351A).



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

Visto que con data 30 de marzo de 2023, o concello da Baña acepta as referidas bases e solicita unha subvención por importe de 3.600,00€ no Decreto de Alcaldía 181/2023.

Visto que con data 23 de maio de 2023, rexístrase de entrada no Concello da Baña, con n.º 20230000000645, a autorización para a contratación anticipada dunha persoa como socorrista para a piscina municipal, de acordo coa subvención para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, mediante a que a Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia en Coruña lle comunica ao concello da Baña a concesión dunha subvención por importe de 3.600,00€ dentro do referido programa de colaboración coas entidades locais para o ano 2023.

Vistas as bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión urxente, polo sistema de oposición, dun/ha socorrista como persoal laboral temporal por un período de 2 meses no concello da Baña.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

**Primeiro:** Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que fora delegada por decreto de Alcaldía número 16/2022 de 17/01/2022, na Xunta de Goberno Local.

**Segundo:** Aprobar as bases que regulan a selección para a contratación dunha persoa para o posto de socorrista como persoal laboral temporal para o Concello da Baña ao abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, que se achegan como Anexo I.

**Terceiro:** Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación aos terceiros interesados no expediente.

Mándao e asíno o señor Alcalde, e ordena darlle traslado ao departamento correspondente para a súa incorporación ao expediente do que eu Secretaria accidental Rocío Caamaño Gerpe, dou fe.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN/HA SOCORRISTA COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DA BAÑA

#### BASE 1.- Obxecto da convocatoria

Constitúe o obxecto desta convocatoria a contratación en réxime de dereito laboral temporal dun/ha socorrista para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo na piscina municipal que desenvolverá as tarefas propias de socorrista na piscina municipal durante a campaña de verán.

A contratación será durante 2 meses.

A contratación realizarase a través da modalidade de “fomento do emprego” (artigo 15 do RDL 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como no Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada), en xornada completa segundo a lexislación vixente e conforme ás quendas de traballo que estableza o concello da Baña cos descansos establecidos por lei e coas retribucións correspondentes dada a non existencia de convenio colectivo de aplicación ao/á traballador/a desempregado/a que se contratará para a execución da actuación financiada a través da concesión da subvención convocada pola Orde do 13 de marzo de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o ano 2023 (Código de procedemento TR351A). En relación ao cálculo dos gastos financiados a través da citada subvención, cabe indicar o seguinte:

NÚM. TRAB	GRUPO COTIZ. C. SEG. SOC.	OCUPACIÓN	CNAE 2009/ OCUPACIÓN	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALARIO BRUTO	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL SEG. SOC.	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
1	5	Socorrista	8411 g)	1.336,30	34,70%	463,70	1.800,00	2	100%	3.600,00
TOTAL SUBVENCIONABLE										3.600,00

Con carácter xeral, a modalidade contractual será de obra ou servizo determinado, establecéndose un período de proba de 15 días.

A modalidade contractual: contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, segundo o establecido no artigos 14 e 15 da Orde do 13 de



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

marzo de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. A natureza do contrato será na modalidade de “fomento do emprego” (artigo 15 do RDL 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como no Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada), a tempo completo.

A selección dos/as traballadores/as será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego e polo sistema de concurso-oposición.

A retribución do salario bruto incluída a parte proporcional das pagas extras da persoa traballadora será:

OCUPACIÓN	RETRIBUCIÓN
SOCORRISTA	1.336,30 euros/mes

De conformidade co artigo 33 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común, e en coherencia coa necesidade urxente que pretende cubrirse, o procedemento tramitarase de urxencia.

### **BASE 2.- Duración da provisión**

O/a aspirante seleccionado/a no presente proceso selectivo será contratado/a como traballador/a por servizo determinado, dándose de alta na Seguridade Social e demais requisitos legais, tendo unha duración o contrato de dous meses que é o prazo de vixencia da subvención outorgada ao concello para o seu financiamento.

Ao remate do proceso selectivo aprobaranse unha lista de aspirantes ao posto de persoal laboral temporal, para a súa contratación, neste ano 2023.

### **BASE 3.- Publicidade**

Estas bases publicaranse na páxina web do concello, na súa sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, así como no taboleiro de anuncios municipal.

Os resultados das probas a efectos de notificación dos interesados, así como as citacións e emprazamentos dos mesmos, levaranse a cabo a través do Taboleiro de anuncios do concello (artigo 45.1.b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo), da sede electrónica e da páxina web municipais.

### **BASE 4.- Requisitos das persoas aspirantes.**

Os/As aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data de presentación da oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia:

- a) Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

circulación de persoas traballadoras nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo isto nos termos do artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

- b) Ter cumpridos os 18 anos da idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
- c) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- d) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- e) Titulación académica mínima: Título en Educación Secundaria Obrigatoria.
- f) Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega. En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (CELGA 3 ou equivalente) deberán realizar unha proba que terá carácter obrigatorio e eliminatorio. O exercicio será cualificado de apto ou non apto. Quedarán exentos da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente.

Requisitos específicos:

- a) Ter habilitación como **SOCORRISTA EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS**. É obrigatorio estar en posesión do título de Socorrista en salvamento e primeiros auxilios. Este requisito será comprobado a través da presentación de copia cotexada da documentación acreditativa da solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, nos termos expresados no art. 9 do Decreto 104/2012 do 16 de marzo.
- b) Estar inscrito/a como desempregado/a no Servizo público de Emprego e reunir os requisitos establecidos no artigo 14º da Orde de convocatoria do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais. Ademais no punto 5 do citado artigo establece literalmente: Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:
  - Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
  - Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
  - Persoas paradas de longa duración.
  - Persoas con discapacidade.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
- Aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional (IPI)".

Os traballadores e as traballadoras que foran contratados por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde (artigo 14º, punto 2).

Os/as candidatos/as serán preseleccionados/as pola Oficina de Emprego de Santiago Norte previa oferta presentada pola alcaldía do Concello da Baña. A ocupación demandada na oferta pública que esta entidade solicita corresponde co código do CNO de salvamento e socorrismo. Os requisitos cumpriranse na data de remate da presentación de documentación e deberá manterse con posterioridade ata a contratación laboral.

Non se poderá realizar un contrato cun traballador/a que non reúna os requisitos esixidos no artigo. 14 da Orde de convocatoria.

### **BASE 5.- Forma e prazo de presentación de instancias**

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán estar inscritas como desempregadas carentes de ocupación no servizo público de emprego de Galicia.

Para o procedemento selectivo serán de aplicación os artigos 14 e 15 da Orde do 13 de marzo de 2023. Os/as interesados/as en participar neste proceso selectivo deberán ser desempregados/as inscritos/as na Oficina Pública de Emprego de Galicia, a través da que se formulará a correspondente oferta. As/as candidatos/as deberán pertencer os colectivos establecidos como preferentes na Orde de convocatoria e que están especificados no punto 5 do apartado dos requisitos para participar no proceso selectivo (artigo 14º). O concello solicitará os/as candidatos/as que se necesitan para cubrir estes postos de traballo mediante a presentación da correspondente oferta, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os/as candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado. Soamente serán admitidos e poderán presentarse a este proceso os/as candidatos/as que figuren no listado que remita o Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello, non sendo admitido/a ningún outro/a candidato/a que non figure no citado listado.

Datas para a realización das probas: Os/as candidatos/s deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira (ben por carta ou por calquera outro



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

medio de comunicación que a Oficina de Emprego acorde) nas dependencias municipais do Concello da Baña que se acorde, co DNI, e a documentación que se requira para a fase de baremación de méritos. Os/as candidatos/as deberán realizar unha ou varias probas teórico- práctico para optar ás prazas. Os/as interesados/as en participar neste proceso selectivo, presentarán a documentación facendo constar os requisitos sinalados. Para presentar a documentación o Concello da Baña, contactará co candidato/a preseleccionado/a por calquera medio que se empregue (teléfono, carta, e-mail, etcétera) para establecer o día e a hora que se presentaran no concello para presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos e realización das probas teórico-prácticas. Polo tanto, non se aceptará ningunha documentación que non se presente na data e hora que se establece na citación, é dicir non se admitirá documentación fora do prazo establecido.

Os/as candidatos/as, achegarán os documentos que a continuación se indican:

- a) Mulleres e maiores de 45 anos: copia compulsada do DNI.
- b) Mulleres vítimas de violencia de xénero 1 Copia compulsada do DNI. Documentación sentenza xudicial e/ou orde de protección
- c) Persoas demandantes do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional que non teñan cumpridos os 30 anos na data de celebración do contrato: Informe de vida laboral e copia compulsada do DNI e copia compulsada titulación académica e declaración xurada do nivel formativo acadado.
- d) Persoas paradas de longa duración. Parados de longa duración: aqueles que leven máis de 1 ano en desemprego copia compulsada do DNI e certificado/Informe de Vida laboral ou certificado/Informe do Servizo Público de Emprego no que se faga constar dita circunstancia.
- e) Persoas con discapacidade: copia compulsada do DNI e certificación correspondente da discapacidade.
- f) Persoas desempregadas que esgoten as prestación e subsidios por desemprego a que tivesen dereito: copia compulsada do DNI e certificado/Informe do Servizo Público de Emprego no que se faga constar dita circunstancia
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos: copia compulsada do DNI e Informe da traballadora social para acreditar colectivos desfavorecidos.
- h) Existencia de cargas familiares, entendéndose por estas ter a cargo das persoas traballadoras desempregadas o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento: copia compulsada do DNI e copia compulsada do libro de familia, certificado de convivencia, certificado de pensións, certificado de discapacidade da persoa ao cargo, certificado /informe da oficina de emprego onde conste a situación de desemprego das persoas que conviven, e calquera outra documentación a maiores da anterior que acredite ditas circunstancias. Acreditar nivel de desemprego Certificado/informe do servizo público de emprego de ser perceptor de desemprego, subsidio, RAI, prepara, activa, ou non perceptor

As bases, así como os resultados das probas selectivas serán publicadas no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web do Concello da Baña



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

(www.concellodabana.gal).

### **BASE 6.- Tribunal cualificador**

O tribunal estará constituído por:

Presidente/a: designado/a pola Alcaldía.

Secretario/a: un funcionario designado pola Alcaldía.

Vogais: como mínimo tres vogais designados pola Alcaldía.

Os/as vogais deberán ter titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan, indistintamente, titulares ou suplentes. En todo caso será necesaria a presenza do Presidente/a e do Secretario/a ou de quen os substitúan.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto; limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

### **BASE 7.- Procedemento selectivo**

O procedemento selectivo é o concurso oposición

#### **FASE DE OPOSICIÓN (máximo 20 puntos)**

PRIMEIRO EXERCICIO:

Proba escrita de carácter obrigatoria e eliminatória. Esta proba consistirá en responder un cuestionario tipo test de vinte preguntas, con tres respostas alternativas e unha soa correcta. A proba avaliará os coñecementos relativos aos conceptos teóricos en materia de salvamento e socorrismo aos que fai referencia o temario anexo ás presentes Bases (Anexo I).

Terá unha puntuación máxima de 5 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO.

Con carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá na realización dunha proba práctica directamente relacionada coas funcións a desenvolver no exercicio do posto de traballo.





## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

A proba esta dirixida a determinar os coñecementos dos/as aspirantes sobre a posto de traballo a desenvolver, a profesionalidade e o coñecemento do medio.

O tribunal valorará a rapidez e adecuación da resposta da persoa aspirante a situación proposta, a capacidade de valoración da situación á que se enfrenta e a súa pericia no manexo da situación. Corresponderá ao tribunal determinar o nivel mínimo esixido para a obtención das cualificacións de conformidade co sistema de valoración que acorde para cada exercicio

Terá unha puntuación máxima de 15 puntos.

Se o tribunal o considera conveniente, poderá acordar a celebración dos dous exercicios da fase de oposición nunha mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, agás renuncia expresa, ou na xornada seguinte deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

Corresponderá ao tribunal determinar o nivel mínimo esixido para a obtención das cualificacións de conformidade co sistema de valoración que acorde para cada exercicio

### **FASE CONCURSO (máximo 10 puntos)**

**BAREMACIÓN DE MÉRITOS.** Máximo de 10 puntos

A puntuación obtida nesta fase, non será eliminatoria.

O baremo para a valoración de méritos é o seguinte:

1. Experiencia laboral computarase ata un máximo de 6 puntos:

Por servizos prestados en postos directamente relacionados coa praza á que se opta, 0.20 puntos por cada mes de servizos prestados, ata un máximo de 6.

Acreditaranse do seguinte modo: A experiencia laboral deberá vir debidamente xustificada mediante copia cotexada ou orixinal dos contratos de traballo, onde se indique de forma clara o seu inicio e finalización, así como a categoría profesional pola que fora contratado/a. A chegarase así mesmo, informe de vida laboral. A Comisión Seleccionadora poderá ter en conta outro tipo de documentación xustificante dos méritos acadados relacionados coa súa experiencia profesional.

2. Formación relacionada co posto:

Cursos directamente relacionados co posto ofertado, a puntuación non poderá superar un 4 puntos. (NON SE VALORAN CURSOS DE INFORMÁTICA E DE IDIOMAS). Establécese o seguinte baremo:

- Cursos entre 10 e 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Cursos entre 21 e 30 horas de duración: 0,20 puntos
- Curso entre 31 e 40 horas de duración: 0,30 puntos



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

- Curso entre 41 e 50 horas de duración: 0,40 puntos
- Curso de entre de 51 a 100 horas de duración: 0,50 puntos
- Curso de máis de 101 horas de duración: 1 punto

Os cursos onde non figure expresamente o número de horas, non se valoraran, así como os congresos, simposios, xornadas. Os méritos alegados acreditaranse mediante documentos orixinais ou copias autenticadas. Os cursos impartidos por entidades homologadas polas Administracións deberá constar dita homologación ben no título ou ben en documento aparte que sexa aportado polo propio aspirante, de non constar, non se procederá á súa valoración.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citado tribunal, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Os méritos admisibles e valorados serán unicamente os presentados na data de realización do proceso selectivo. A falta de acreditación dos méritos non será corrixible e xerará a non valoración dos mesmos.

Os empates producidos nas puntuacións obtidas por 2 ou máis candidatos/as na puntuación final dirimirase atendendo á puntuación máis alta acadada na proba práctica, se aínda así continua o empate, atenderase á puntuación acadada na proba escrita, se segue existindo empate atenderase á maior puntuación acadada na fase e concurso. De persistir o empate, este resolverase por sorteo.

As persoas remitidas pola oficina de emprego serán convocadas, en chamamento único quedando decaídos no seu dereito os solicitantes que non compareceran a realizalo, a realización da proba escrita, no lugar e día que se anunciarán na páxina web e taboleiro de anuncios do Concello da Baña, cunha antelación mínima de dous días. As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

### **FASE DE COMPROBACIÓN DO COÑECEMENTO DA LÍNGUA GALEGA:**

#### **PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.**

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (CELGA 3 ou equivalente) deberán realizar unha proba que terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

O exercicio será cualificado de apto ou non apto.

Quedarán exentos da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente. Esta proba non formará parte da fase de oposición, sendo simplemente unha proba para determinar o cumprimento do requisito de coñecemento da lingua galega.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### **BASE 8.- Proposta de contratación**

A orde de contratación definitiva de todos os aspirantes virá determinada pola suma da puntuacións obtidas nas distintas probas da fase de oposición e pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

A orde de clasificación definitiva determinará a proposta de nomeamento do Tribunal.

En ningún caso, o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

Si se producise algunha vacante nas prazas ofertadas durante a vixencia dos contratos, serán chamados aqueles aspirantes que superasen a fase de oposición por orde de puntuación, sempre que reunisen os requisitos da convocatoria.

A contratación notificaráselle á persoa interesada para que formalice o correspondente contrato no prazo máximo dunha semana. Se non se fai sen causa xustificada a proposta de contratación caducará e pasarase ao/á seguinte aspirante con mellor puntuación.

### **BASE 9.- Resolución**

Concluído o proceso selectivo, o Concello da Baña publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello, na súa Sede Electrónica e na paxina web: [www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal), así como no portal de transparencia municipal, as listaxes das persoas candidatas que se contratarán e as listaxes de persoas suplentes, coas que se formará unha bolsa de traballo para cubrir as vacantes que eventualmente puideran xurdir, ou para atender necesidades de emerxencia e imprevistos en xeral.

As persoas aspirantes propostas para formalizar o contrato laboral, deberán presentar nun prazo máximo de dous días naturais dende a publicación da lista de candidatos os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da Tarxeta Sanitaria ou número da Seguridade Social.

No caso de que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación. E procederase ao chamamento dos seguintes aspirantes por orde de puntuación.

De producirse algunha vacante nas prazas ofertadas durante a vixencia dos contratos, serán chamados aqueles aspirantes que tiveran superado esta proba por orde de puntuación, sempre que reunisen os requisitos da convocatoria.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

Os resultados das probas a efectos de notificación dos interesados, así como as citacións e emprazamentos dos mesmos, levaranse a cabo unicamente a través do taboleiro de anuncios do concello.

### BASE 10.- Interpretación das bases

O Tribunal queda autorizado para resolvelas dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

### BASE 11.- Recursos

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe estas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Taboleiro de Anuncios do concello, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o alcalde-presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do anuncio do proceso selectivo non Boletín Oficial da Provincia (artigos 123, 124 e 30 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas). No caso de que interpoñerse recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas).

### INFORMACIÓN DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA SOLICITANTES DE EMPREGO.

En cumprimento coa actual normativa de Protección de datos de carácter persoal, procedemos a informarlle sobre o tratamento dos seus datos persoais.

a) Responsable do tratamento	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD):dpd@concellodabana.gal
i) Finalidade do tratamento	Xestión de persoal funcionario, laboral e eventual do Concello da Baña. Inclúense retribucións, situacións administrativas, dereitos e deberes, prevención de riscos laborais, formación, incompatibilidades, e outros aspectos incluídos na xestión de devandito persoal.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

j) Lexitimación	<p>Artigo 6.1.b) RXPd o tratamento necesario para a execución dun contrato no que a persoa interesada é parte ou para a aplicación a petición deste de medidas precontractuais.</p> <p>Artigo 6.1.c) RXPd o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>C) Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.</li><li>d) Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do estatuto básico do empregado público.</li><li>e) Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.</li></ul>
k) Categoría de persoas interesadas	Personal funcionario, laboral e eventual do Concello da Baña
l) Categoría de datos	<p>-Datos identificativos: nome e apelidos, DNI/NIF/ documento identificativo, número de rexistro de persoal, número de Seguridade Social/Mutualidad, enderezo, teléfono de contacto e sinatura.</p> <p>-Datos de categorías especiais: tipo e grao de discapacidade.</p> <p>-Datos de características persoais: sexo, estado civil, nacionalidade, idade, data e lugar de nacemento, datos familiares.</p> <p>-Datos académicos e profesionais: titulacións, formación e experiencia profesional. Detalles de emprego: Posto de traballo, carreira profesional administrativa e incompatibilidades.</p> <p>Datos económico-financeiros: datos económicos de nómina, créditos, préstamos, avais, retencións xudiciais (no seu caso) e outras retencións (no seu caso).</p> <p>-Datos bancarios: número de conta bancaria para o pago da nómina.</p> <p>Outros datos: relativos á acción social, datos sobre sancións en materna de función pública, certificado de ausencia de delitos de natureza sexual. Informes e/ou recoñecementos médicos.</p>
m) Destinatarios/as	Instituto Nacional de Administración Pública, Rexistro Central de Persoal, entidade a quen se encomende a xestión en materia de riscos laborais, Instituto Nacional da Seguridade Social e mutualidades de funcionarios, entidade xestora e depositaria do plan de pensións da Administración xeral do Estado, Tesouraría Xeral da Seguridade Social, organizacións sindicais, Entidades bancarias e financeiras para o pago de nóminas, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Intervención Xeral da Administración do Estado, Administración do Estado e Administración local.
n) Transferencias Internacionais	Non está previsto realizar transferencias internacionais.
o) Prazos de conservación	Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos, conforme á Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación aplicable no Concello da Baña.
p) Medidas de Seguridade	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS).



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### ANEXO 1

#### TEMARIO CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN:

TEMA 1.- Constitución española e normativa básica de réxime local.

TEMA 2.- Coñecemento do concello da Baña: funcionamento, estrutura territorial, características específicas das instalacións relativas á piscina municipal.

TEMA 3.- Conceptos básicos en igualdade de xénero.

TEMA 4.- Conceptos básicos da relación laboral contractual e de prevencións de riscos laborais.

TEMA 5.- Tarefas e responsabilidades do socorrista acuático en piscina.

TEMA 6.- Prevención de accidentes acuáticos.

TEMA 7.- Técnicas de salvamento e materiais empregados.

TEMA 8.- Lesións específicas no medio acuático o e no seu entorno.

TEMA 9.- Métodos para sacar ao accidentado da auga.

TEMA 10.- Reanimación cardiopulmonar.